



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2013.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

Non asisten e se excusan:

D^a María Amparo García Pernas.

D. Severino Álvarez Monteserín.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 4 de outubro de 2013, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 2 DE AGOSTO DE 2013.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador das actas correspondente ás sesións sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2014.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste Concello para o ano 2014.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar como días festivos locais para o ano 2014, o día 4 de marzo, martes de Entroido, e o venres 13 de xuño, Santo Antón.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Coruña.

Mesía, 1 de outubro de 2013. O alcalde, Mariano Iglesias Castro"

Manifesta o Sr. Alcalde que se analizou a proposta do Sr. Raposo relativa a fixar o 24 de xuño como festivo, pero en base a que o 13 de xuño é venres e ademais coincide con que en dos parroquias tamén se celebra optouse pola proposta que hoxe se presenta.

Manifesta o Sr. Raposo que lle gustaría que fose o 24 de xuño porque beneficiaría de xeito global a todos os veciños do concello.

Sometido o asunto a votación, adóptase o acordo co seguinte resultado: oito votos a favor correspondentes aos sete concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e á concelleira presente do PP e un voto en contra correspondente ao concelleiro presente do BNG.

Non habendo máis intervencións, pásase ó seguinte punto da orde do día.

3. APROBACIÓN INICIAL DA DERROGACIÓN DO REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE MESÍA E DA ORDENANZA NÚM. 9 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MESÍA.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“De conformidade co previsto nos artigos 60, 61, 62 e 63 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 63 do 30.03.2012.

Resultando que este concello dispón do Regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Mesía e da Ordenanza núm. 9 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar aprobadas inicialmente o día 26 de setembro de 2009 polo Concello Pleno, e publicados os seus textos definitivos no Boletín Oficial da Provincia núm. 217, de data 17 de novembro de 2009.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Resultando necesaria a modificación do dito regulamento e ordenanza para adaptalas ao dito decreto, propónse ao Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a derogación do regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Mesía e a ordenanza núm. 9 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Mesía, como se transcribe no anexo ao presente acordo

TERCEIRO: De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, proceder ao trámite de información pública dos anteditos acordos polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

CUARTO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións, serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente adoptado os acordos ata entón provisionais, procedéndose á publicación do texto íntegro da Ordenanza aprobada no Boletín Oficial da Provincia.

Mesía, 1 de outubro de 2013. O alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro

ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MESÍA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles, aos poderes públicos, garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais, da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

Coa aprobación e publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira do citado decreto.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Mesía, de conformidade co marco normativo



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria, e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal, a través da presente ordenanza.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- Obxecto.

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Mesía.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación.

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no Concello de Mesía.

Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo.

1. O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

2. O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- a) Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- b) Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- c) Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- d) Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- e) Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- f) Retardar ou evitar a institucionalización.
- g) Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Artigo 4º.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
 - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
 - II. Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
 - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
 - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
 - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
 - VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:
 - I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
 - II. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.
- c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
 - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - III. Preparación dos alimentos.
 - IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.
 - V. Coidados básicos da vivenda.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

- d) *Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.*

2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) *Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.*
- b) *Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.*
- c) *Adaptacións funcionais do fogar.*
- d) *Servizo de podoloxía.*
- e) *Servizo de fisioterapia.*

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- a) *A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.*
- b) *Actuacións, que polo seu carácter sanitaria, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.*

Artigo 5º.- Persoas destinatarias.

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. *A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.*
2. *A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.*
3. *A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.*
4. *A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.*
5. *A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.*
6. *A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.*
7. *Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.*
8. *A coñeceren a situación do seu expediente*
9. *A seren informadas, de maneira clara e precisa, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.*



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

10. Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.
11. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideren resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e pondo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.
7. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respetar os límites das súas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.
9. Manter informado sobre os aspectos relativos á súa saúde para mellorar a súa atención, e permitir adoptar as medidas preventivas que se requiran.
10. Non realizar cambios de horarios, tarefas, etcétera, sen autorización do técnico responsable do servizo.
11. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

Artigo 8º.- Deberes dos/as auxiliares de axuda no fogar.

1. O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co usuario e a súa familia interfiran no seu traballo.
2. Respetar a confianza do usuario e gardar a debida confidencialidade.
3. Non acudir ó lugar de traballo acompañado de persoas alleas ó servizo.
4. Non se poderá recibir en custodia, diñeiro, xoias nin obxectos.
5. Non recibir ningún tipo de prestación/bonificación por parte do usuario/a do servizo de axuda no fogar.
6. Non facerlle traballos a outros membros da familia distintos dos beneficiarios, aínda que convivan na mesma casa, se así non está establecido no proxecto de intervención.
7. Non realizar en ningún caso tarefas domésticas que non foran incluídas no proxecto de intervención.
8. Non se dispoñerá de chaves de ningún domicilio salvo autorización por escrito do usuario/a.
9. En caso de ausencia os/as auxiliares deberán poñelo en coñecemento do xefe de persoal coa maior brevidade posible para facilitar así a súa substitución a fin de evitar a non prestación do servizo de usuarios/as do mesmo.

Artigo 9º.- Causas de extinción e modificación do servizo.

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:
 - a. A renuncia da persoa usuaria
 - b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
 - c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - d. Falecemento da persoa usuaria.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f. A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 10º.- Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para os usuarios de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para os usuarios de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 11º.- Formas de prestación do servizo.

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo Concello de Mesía ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

Artigo 12º.- Requisitos específicos.

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
 4. O Concello de Mesía, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
 - b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo VI desta ordenanza.
 - c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Mesía e a persoa usuaria, segundo o anexo IV desta ordenanza.
 - d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLO CONCELLO DE MESÍA

Artigo 13ª.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1. O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o Concello de Mesía, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do cuidador.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrència, segundo o seguinte procedemento:
 - a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:
 - I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.
 - II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante
 - III. Certificado de convivencia
 - IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saúde
 - V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso
 - VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:
 1. Fotocopia da última declaración da renda ou no seu defecto certificado de imputacións do IRPF expedido pola Axencia Tributaria.
 2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posúan
 3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.
 4. Calquera outra documentación que sexa requirida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para emendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

- b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo V.*

O departamento de Servizos Sociais abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo, segundo o anexo III.*
 - Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o anexo VI desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009).*
 - Un acordo de servizo asinado entre o concello de Mesía e a persoa usuaria, segundo o anexo IV desta ordenanza.*
 - Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.*
- c. O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado á Xunta de Goberno Local, que no prazo máximo de tres meses, resolverá as solicitudes presentadas no Rexistro Xeral do concello. En caso favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. En caso de empate de puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.*

En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo, ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención, dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

O acordo da Xunta de Goberno Local incluírá, no caso de ser favorable, indicación expresa do número de horas que se prestarán, relación de tarefas que se levarán a cabo e a porcentaxe de financiación da persoa usuaria sobre o custo total do servizo. No caso de ser desfavorable, o acordo deberá de motivar as razóns de denegación.

- d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe - proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.*
- e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).*
- f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.*

Artigo 14º.- Desenvolvemento da prestación do servizo.

- 1. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se aproba a súa solicitude na Xunta de Goberno Local, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.*
- 2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.*
- 3. A asignación do persoal de atención directa farase en base ó perfil requirido para cada caso concreto e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de espera ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

- 4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo IV desta ordenanza.*
- 5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo VI desta ordenanza (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.*
- 6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.*
- 7. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, do documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.*
- 8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso.*

Artigo 15º.- Intensidade na prestación do servizo.

- 1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.*
- 2. A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.*
- 3. Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.*

Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

- 1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas convivintes, economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.*
- 2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.*

Artigo 17º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivoan no fogar.

Artigo 18º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.
2. Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referida ó IPREM)	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nivel I 20 h.	Nivel II 30 h.	Nivel I 40 h.	Nivel II 55 h.	Nivel I 70 h.	Nivel II 90 h.
≤ ó 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e ≤ do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e ≤ do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>do 125% e ≤ do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e ≤ do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e ≤ do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e ≤ do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e ≤ do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e ≤ do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e ≤ do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e ≤ do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e ≤ do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>do 450% e ≤ do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.
4. En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artigo 19.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrència, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 18 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,00 IPREM	10%
Maior de 1,00 e menor ou igual a 1,50 IPREM	12%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40%
Maior de 2,50 IPREM ou igual a 3,50 IPREM	60%
Maior de 3,50 IPREM	90%

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Artigo 20º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Mesía, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 21º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos.

1. No caso de que o servizo de axuda no fogar se preste, a través dunha entidade privada, existirá unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios.
2. Para tal efecto, establecerase un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, dirixido aos servizos sociais comunitarios do concello.
3. Así mesmo, a entidade trasladará aos servizos sociais comunitarios, unha copia actualizada do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento.

Artigo 22º.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello ás que se refire o artigo 5.

Artigo 23º.- Nacemento da obriga de pago.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte.
2. Por parte do concello e sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria para que se efectúe o pagamento.

Artigo 24º.- Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo ós pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Esta ordenanza derroga expresamente o regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Mesía e a ordenanza núm. 9 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, aprobados en sesión plenaria, de 26 de setembro de 2009, e publicados no Boletín Oficial da Provincia núm. 245, do 17 de novembro de 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e transcorrido o prazo a que se refiren os artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I.- SOLICITUDE DE AXUDA NO FOGAR.

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: FIXO: MÓBIL:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE OU GARDADOR/A DE FEITO.

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: FIXO: MÓBIL:

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR.

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL

SOLICITO: *horas á semana, para*

DECLARO:

Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se achegan é verdadeira, non existindo omisión de datos e que autorizo ao concello de Mesía para que realice as consultas precisas de ficheiros públicos para os efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL.

Asdo.:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO III.- INFORME SOCIAL.

Concello: Mesía. Motivo: Solicitud de Servizo de axuda no fogar. Teléfono:	Traballadora Social: Nº Colexiado/a:
---	---

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE.

NOME E APELIDOS:	DNI:
DATA DE NACEMENTO:	Nº DA SEGURIDADE SOCIAL:
ENDEREZO:	TELÉFONOS:

1.COMPOSICIÓN DO GRUPO DE CONVIVENCIA.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	DATA DE NACEMENTO	ESTADO CIVIL	PROFESIÓN
	<i>Solicitante</i>			

2.FAMILIARES OU PERSOAS ACHEGADAS NON CONVIVINTES.

NOME E APELIDOS	PARENTESCO	ENDEREZO	TELÉFONOS:

3.SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR.

3.1. Situación familiar.

- Vive con parella e/ou familia sen conflito.
 Vive con parella e/ou familia con conflito.
 Vive con parella e/ou familia e/ou outros, pero non poden ou non queren atendelo/a,
Causas:_____.
- Vive só/a, con fillos e/ou familiares próximos que non cobren as súas necesidades,
Causas:_____.
- Vive só/a.

3.2. Relacións e contactos sociais.

- Mantén relacións sociais fóra do domicilio con normalidade.
 Relaciónase só coa súa familia ou veciños/as, aínda que sae da casa.
 Só se relaciona coa súa familia, raramente sae da casa.
 Non sae do seu domicilio, recibe familia ou visitas (> 1 por semana).
 Non sae do seu domicilio, nin recibe visitas (< 1 por semana).

3.3. Apoios/rede social.

- Non precisa ningún apoio.
 Recibe apoio da familia e/ou veciños/as.
 Recibe apoio social formal suficiente (centro de día, Traballador/a familiar...).



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- Ten soporte social pero é insuficiente.
 Non ten ningún soporte social e precísao.

4.SITUACIÓN SOCIOPERSOAL E FUNCIONAL DO SOLICITANTE CON RELACIÓN Ó CONTIDO DO PROGRAMA.

- Se existen conflitos na familia (explicalos brevemente).
Causas: _____
- Se existen persoas con limitacións de tempo para realizar as tarefas de coidado.
- Se existen dificultades por parte do/a solicitante para desenvolver as tarefas esenciais ou instrumentais da vida diaria.
- Se existe desestructuración familiar (explicar brevemente as razóns ou motivos)
Causas: _____
- (1) Indicar cal é o membro da familia, ou persoa, que asume o rol de coidador/a principal, en caso de que exista.

5.SITUACIÓN ECONÓMICO-LABORAL DO/A SOLICITANTE.

INGRESOS NETOS (pensións, prestacións económicas, retribucións pecuniarias,...) CONCEPTO	CONTÍA ANUAL
DO SOLICITANTE	DO SOLICITANTE
DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR	DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR
CAPITAL MOBILIARIO (xuros, venda de valores, letras do tesouro ../accións, contas correntes ...) CONCEPTO	CONTÍA ANUAL
DO SOLICITANTE	DO SOLICITANTE
DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR	DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR
OUTROS RENDEMENTOS (capital mobiliario, actividades económicas ...) CONCEPTO	CONTÍA ANUAL
DO SOLICITANTE	DO SOLICITANTE
DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR	DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR
BENS INMOBLES CONCEPTO	VALOR CATASTRAL
DO SOLICITANTE	DO SOLICITANTE
DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR	DA UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

6. CARACTERÍSTICAS DA VIVENDA.

6.1. Tipo de vivenda

- Piso.
 Vivenda unifamiliar.
 Infravivenda/chabola.
 Outros (especificar) _____.

6.2. Réxime de tenza

- Propia.
 Propia con préstamo hipotecario. Gasto mensual _____.
 Alugada. Gasto aluguer _____.
 Cedida.
 Outros (especificar) _____.

6.3. Equipamento e adaptabilidade

<input type="checkbox"/> Calefacción. <input type="checkbox"/> Teléfono. <input type="checkbox"/> Ascensor. <input type="checkbox"/> Auga corrente. <input type="checkbox"/> Auga quente. <input type="checkbox"/> Luz eléctrica. <input type="checkbox"/> Retrete. <input type="checkbox"/> Cuarto de baño.	Barreiras arquitectónicas <input type="checkbox"/> SI. <input type="checkbox"/> NON. Indicar cales:
6.4. Características da zona. Localización da vivenda. <input type="checkbox"/> Núcleo urbano. <input type="checkbox"/> Fora do núcleo urbano. <input type="checkbox"/> Zona rural. <input type="checkbox"/> Zona rural illada.	Accesibilidade, medios de comunicación ós equipamentos e servizos. <input type="checkbox"/> Proximidade. <input type="checkbox"/> Pouca distancia/accesos aceptables. <input type="checkbox"/> Distancia media/accesos con certas deficiencias. <input type="checkbox"/> Moita distancia/vías de acceso deficientes.

7. DATOS DE SAÚDE.

Especial referencia á existencia de persoas con dependencia ou discapacidade na unidade familiar.

8. OUTROS DATOS DE INTERESE RELACIONADOS CO OBXECTIVO DO INFORME.

Se o/a solicitante ten outros apoios informais de interese para a súa situación, etc.

9. INTERPRETACIÓN E VALORACIÓN PROFESIONAL.

En Mesía a _____ de _____ do 20 ____ .
Asdo.: O/A traballador/a social.

Esta información remítoa para que teña os efectos oportunos e dado que contén datos de carácter persoal, está amparada pola LOPD (Lei Orgánica 15/1999).



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO IV.- ACORDO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Reunidos en Mesía o díade 20.. dunha parte don/donacon D.N.I.

E doutra, o Concello de Mesía e na súa representación,, traballadora social municipal, colexiada nº, en calidade de Técnico responsable do servizo de axuda no fogar

ACORDAN:

PRIMEIRO: Que a prestación do Servizo de Axuda no Fogar se realizará con carácter indefinido no caso de persoas usuarias derivadas do Sistema de Atención á Dependencia e para os usuarios que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrència por un prazo de, con posibilidade de prórroga segundo valoración técnica do departamento de Servizos Sociais do Concello de Mesía.

SEGUNDO: Que o número de horas mensuais a realizar no domicilio é de..... distribuídas nos seguintes días da semana:

TERCEIRO: Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro do 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, ó Decreto 99/2012, de 16 de marzo e á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF e a aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de sobre a súa capacidade económica. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a achegar a cantidade de euros polas horas prestadas.

CUARTO: Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro do 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, ó Decreto 99/2012, de 16 de marzo, á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF e a aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo comprométese a achegar a cantidade de euros polas horas prestadas.

QUINTO: Que a persoa usuaria acepta domiciliar o abono da taxa do SAF establecido no punto 4º ou 5ª, segundo a modalidade do servizo, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

SEXTO: Que de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal

Atencións de carácter persoal doutras actividades da vida diaria (acompañamentos fora do fogar)

Atencións de apoio psicosocial e educativo

Atencións de carácter doméstico e da vivenda

Atencións de carácter técnico-complementario

SÉTIMO: Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as contempladas no Proxecto de intervención individual deseñado pola entidade prestadora, conforme a este acordo de Servizo.

OITAVO: Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo, deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.

NOVENO: Que no concello existen follas de queixa e reclamación a disposición das persoas usuarias.

Ambas partes dan a súa conformidade ó presente acordo de prestación do SAF, e o asinan

En a dede 200.....

A persoa usuaria

O técnico responsable



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO V.- BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.

(modalidade de prestación básica de servizos sociais de atención primaria).

FACTOR-1: AUTONOMÍA PERSOAL (máximo total 40 puntos).

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia.

As persoas dependentes valoradas que polo calendario oficial de implantación teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), non poderán acceder polo sistema de libre concorrència.

A asignación de valor en función do factor "autonomía persoal" realizarase de acordo coa seguinte táboa:

TÁBOA DE EQUIVALENCIAS PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL									
De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade	75%- 100%	25-39 pts BVD	81%-87%	50-64 pts BVD	88%-93%	75-89 pts BVD	94%- 100%	Grao de discapacida de en menores de 18 anos sen valoración de ATP ou BVD
		75%- 100% discapa cidade e ata 14 pts ATP		75%- 100% disca pacidade e 15-29 pts ATP		75%- 100% disca pacidade e 30-44 pts ATP		75%- 100% disca pacida de e 45-72 pts ATP	Grao de Discapacidade + Axuda Terceira Persoa. ATP RD 1971/1999
		75% discapaci dade e ata 24 pts BVD		40-49 pts BVD		65-74 pts BVD		90-100 pts BVD	Grao de Discapacidade + Axuda Terceira Persoa. Puntuación BVD (RD. 504/2007)
		Grao I, Nivel 1		Grao I, Nivel 2		Grao II, Nivel 1		Grao II, Nivel 2	Grao III, Nivel 1
5 pts	10 pts	14 pts	20 pts	24 pts	30 pts	32 pts	38 pts	40 pts	PUNTUACIÓN Nivel de Autonomía persoal

Total puntos autonomía persoal _____

Puntos



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos).

	Puntos	
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos) _____	<input type="text"/>	
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos) _____	<input type="text"/>	
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):	<input type="text"/>	
Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos) _____	<input type="text"/>	
Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos) _____	<input type="text"/>	
Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos) _____	<input type="text"/>	
Con incapacidade para organizarse (3 puntos) _____	<input type="text"/>	
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos) _____	<input type="text"/>	
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos) _____	<input type="text"/>	
Está ben atendido (0 puntos) _____	<input type="text"/>	
Total puntos apoio social _____	<input type="text"/>	Puntos

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)	Puntos
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto) _____	<input type="text"/>
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos) _____	<input type="text"/>
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos) _____	<input type="text"/>
3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores (2 puntos) _____	<input type="text"/>
3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos) _____	<input type="text"/>
3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)	Puntos
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos) _____	<input type="text"/>



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

	Puntos
3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)	
Un menor (3 puntos) _____	<input type="text"/>
Dous menores (5 puntos) _____	<input type="text"/>
Tres menores (7 puntos) _____	<input type="text"/>
Catro ou máis menores (10 puntos) _____	<input type="text"/>
Total puntos situación familiar/socialización menores _____	<input type="text"/> Puntos

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos) Puntos

Non hai luz eléctrica (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non hai auga corrente (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non posúe WC (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non posúe cuarto de baño completo (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non ten neveira (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non ten quentador (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non ten lavadora (1 punto) _____	<input type="text"/>
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto) _____	<input type="text"/>
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto) _____	<input type="text"/>
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto) _____	<input type="text"/>

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos) Puntos

Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos) _____	<input type="text"/>
Ausencia de relacións sociais (6 puntos) _____	<input type="text"/>
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos) _____	<input type="text"/>
Integración axeitada no contorno (0 puntos) _____	<input type="text"/>
Total puntos outros aspectos sociais _____	<input type="text"/> Puntos

TOTAL XERAL _____	<input type="text"/> Puntos
--------------------------	------------------------------------



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ANEXO VI.- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Proxecto de Intervención

1.-Datos de Identificación do Expediente

Expediente ¹	Intervención n ^o ²	Data de solicitude	Data de Inicio	
Sector de Referencia ³	Ámbito de Atención ³	Nº Total de Usuarios		
Nome e Apelidos	Data de Nacemento	DNI	Sexo	Estado Civil
Proxecto	Data do Proxecto	Data Fin de Proxecto		

Antecedentes relevantes:

2.-Atención a prestar

Días da semana

L	M	X	J	V	S	D		Nº de horas semanais		Horario

Tipo de servizo a prestar ⁴

Perfil dos/as profesionais

Outros servizos:

3.-Existencia doutros Servizos/Apoios prestados a Domicilio

Existencia:

Servizos/apoios:

Nº de horas semanais:

4.-Obxectivos Específicos e Tarefas que se propoñen

Obxectivos do servizo proposto:

Tarefas a realizar:

5.-Periodicidade do Seguimento (mínimo bimensual)

Técnico responsable:

Asdo.:

¹ Identificación do expediente en SIUSS

² Número de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente

³ Tipoloxía SIUSS

⁴ Pódese empregar a tipoloxía SIUSS



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Alcalde que o presente acordo débese á necesidade de adaptar a normativa municipal a un decreto da Xunta de Galicia que pretende homoxeneizar todos os regulamentos e ordenanzas municipais nesta materia. O propio texto mandouse á Xunta para a súa supervisión. Hai un marxe de manobra no SAF, que paga integramente o concello, dentro duns baremos en relación co IPREM, de xeito que optouse por aplicar a porcentaxe mínima nos tramos máis baixos de renda, e nos tramos altos, para rendas de dous mil cincocentos a tres mil cincocentos euros, mantivemos a porcentaxe que marcaba a Xunta porque estimamos que non necesitan axuda do concello.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO AMBIENTE NOS CONCELLOS DE MESÍA E FRADES.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“Visto o convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de recuperación e conservación do ambiente nos concellos de Mesía e Frades de data 14 de xuño de 2013, asinado ó abeiro da Orde do 13 de maio de 2013 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, para o ano 2013 (DOG núm. 93, 16.05.2013), que literalmente di:

“No Concello de Frades , a 14 de xuño de 2013.

REUNIDOS:

Os Sres. Alcaldes dos seguintes concellos:

CONCELLO DE FRADES: Don Roberto Rey Martínez

CONCELLO DE MESÍA: Don Mariano Iglesias Castro.

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 dá Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- *A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 15.4 da Lei 30/1992, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- O artigo 26 LBRL dispón que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe o de limpeza viaria (Anexo I onde se recollen os servizos que se asocian), e o artigo 81 LALGA pronúnciase en termos semellantes.

Quinto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sexto.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Sétimo.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Oitavo.- Tanto a LRRL, como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**.

Noveno.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do seguinte SERVIZO DE RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO AMBIENTE, mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.-



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DE AMBIENTE a prestar de forma compartida entre os concellos de Frades e Mesía.

Segunda.- Ámbito Territorial.-

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos termos municipais dos Concellos de Frades e Mesía.

Terceira.- Obxectivos da colaboración.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
- Valorizar os recursos dispoñibles

Cuarta.- Xestión compartida do servizo.-

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Frades e polo Concello de Mesía de forma recíproca e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Debe determinarse un catálogo de condicións en que se debe levar a cabo a xestión.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación por un dous Concellos, na forma que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 109.5. do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que tramitárase un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse á orde de seu pagamento.

Quinta.- A Comisión Mixta. Coordinación. -

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constitúírase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por un representante de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión Mixta rexeráse polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.

Ás súas principais funcións serán:

- O seguimento da xestión do servizo.
- Elaborar o orzamento do servizo compartido e sometelo a aprobación dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xenere o servizo.
- A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

- *A elaboración das súas normas internas de xestión.*
- *A interpretación do convenio.*
- *A proposta, no seu caso, de addendas.*
- *Intervención previa á resolución por incumprimento.*
- *Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.*
- *Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.*

Sexta. - Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas.

A Comisión Mixta dos Concellos que pretenden colaborar, se é o caso, deberán no prazo máximo de catro meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo.

Nese mesmo prazo, os plenos dos Concellos, deberán proceder a modificar, se é o caso, as Ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da Comisión.

Sétima. Medios persoais e materiais.-

Os dous Concellos sinalan en Anexo II os medios persoais e materiais que adicará á realización das actividades materias, técnicas ou de servizos que constitúen o obxecto da xestión compartida.

Oitava.- Axudas e subvencións

Para a xestión do servizo poderán solicitarse as axudas que se convoquen polas diferentes Administracións Públicas para o mesmo ámbito de actuación.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para o servizo será proposta pola Comisión Mixta e solicitada polo Concello encomendado ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

Nestes casos o caso farase constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante do presente convenio, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. En calquera caso, deberá nomearse un representante o apoderado único dos concellos conveniantes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

Novena.- Financiamento.-

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

O reparto será dun cincuenta por cento para cada Concello.

Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo no seu termo municipal.

O concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento da finalidade e certificado do secretario da relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Décimo.- Causas de resolución.-

O presente convenio resolverase por:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo*
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.*
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia*

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

Décimo Primeira.- Vixencia do Convenio



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O presente convenio entrará en vigor dende a súa aprobación polo Pleno de ambos concellos, e producirá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2013 e conservará a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2013.

Décimo Segunda - Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo Terceira.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Décimo Cuarta.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais do orde xurisdicional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar, no lugar e data que se sinalan no encabezamento."

Por todo o anteriormente exposto e de acordo co establecido na cláusula décimo primeira do citado convenio, proponho ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de recuperación e conservación do ambiente nos concellos de Mesía e Frades.

Mesía, 1 de outubro de 2013. O alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro"

Manifesta o Sr. Alcalde que este convenio é necesario para acollernos a unha subvención do fondo de Compensación Ambiental, que financiará persoal e maquinaria destinada á conservación e mantemento de distintos espazos e rutas de sendeirismo en zona ambientais. Dun total de cen mil euros para os dous concellos a Xunta aportará setenta mil, sendo a metade para cubrir salarios de persoal propio do concello e a outra metade para a adquisición dun tractor e desbrozadora.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. APROBACIÓN INICIAL DA IMPOSICIÓN DA TAXA E DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VISITA Á AULA DE NATUREZA E MUSEO ETNOGRÁFICO "BRAÑAS DA VALGA".

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

"D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, considerando necesario o establecemento da taxa pola visita á aula da natureza e museo etnográfico "Brañas de Valga" e a aprobación da correspondente Ordenanza fiscal.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

De conformidade co arrigo 20.4.w), 17 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e os artigos 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, proponho ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a imposición da taxa pola visita á aula da natureza e museo etnográfico “Brañas de Valga” e aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita á aula da natureza e museo etnográfico “Brañas de Valga” que se transcribe como anexo ó presente acordo.

SEGUNDO: Proceder ó trámite de información pública dos anteditos acordos polo prazo de trinta días hábiles no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, contados a partir do día seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderán definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais, procedéndose á publicación do acordo de imposición e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

Mesía, 1 de outubro de 2013 O alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VISITA Á AULA DE NATUREZA E MUSEO ETNOGRÁFICO “BRAÑAS DA VALGA”.

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, e 20.4.w) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba a Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a “taxa por visita á aula da natureza e museo etnográfico “Brañas da Valga”, que se rexerá polo disposto no devandito Real Decreto Lexislativo e pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a entrada ou utilización da aula da natureza e museo etnográfico “Brañas de Valga”.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria que soliciten, ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos recollidos na presente Ordenanza.

Artigo 4º. Cota Tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa de acordo coas seguintes tarifas

Tarifa 1º. Por visita:

Entrada individual: 1,20€.

Grupos (a partir de 10 persoas): 1,00€ por persoa.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Maiores de 65 anos: 1,00€.

Persoas con discapacidade, de acordo coa definición que realiza o artigo 1.2 da lei 51/2003 , de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade:1,00€. Neste caso poderá acceder o museo de forma gratuíta a persoa que o acompañe, sempre e cando esta sexa imprescindible para que aquel poida realizar a súa visita.

Tarifa gratuíta. Gozaran de dita tarifa os menores de 3 anos e os profesores de ensino ou acompañantes de grupos de alumnos que estean no exercicio das súas funcións.

Tarifa 2º. Por actividades dentro do museo. Enténdense por estas os talleres que estean dentro da programación da aula da natureza e museo etnográfico e que sexan realizados por persoal do museo ou contratado polo concello para realizar actividades no mesmo.

Prezo individual por taller: 1,20€.

Prezo por grupo de máis de 10 persoas: 1,00€ por persoa.

Artigo 5º. Exencións e bonificacións.

Non se concederá beneficio fiscal algún que non veña determinado en norma con rango de Lei ou veña derivado da aplicación dos Tratados Internacionais.

Artigo 6º. Devengo e obriga de contribuír.

1. A taxa regulada mediante a presente ordenanza devéngase no momento no que o visitante solicite a súa entrada no recinto museístico, entendéndose producida tal solicitude coa adquisición dos tickets ou outros documentos xustificativos do pagamento da taxa. Así mesmo, devengarase a taxa cando se inicie a prestación do servizo, a cal entenderase producida co acceso ou entrada ao recinto do museo, aínda que non se solicitase a entrada previamente.

2. O pagamento da taxa mediante entrada realizarase en diñeiro efectivo, sen prexuízo da posibilidade de realizarse tamén mediante transferencia bancaria á conta municipal que lle facilitará o concello.

Artigo 7º. Responsabilidade dos usuarios.

Con independencia do pagamento da taxa regulada na presente ordenanza, os visitantes virán obrigados a aboar ao Concello de Mesía os danos ou desfeitas que causaren nas instalacións con motivo da súa permanencia neles.

Artigo 8º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178, 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno en sesión de 4 de outubro de 2013, e entrará en vigor unha vez sexa aprobada definitivamente e publicado o seu texto integro no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Sánchez, quen manifesta que tal como se pode comprobar na ordenanza se establecen uns prezos moi básicos de un euro por visita e un



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

euro con vinte pola participación en talleres, con descontos para grupos. Trátase de ir mantendo este servizo xunto coa subvención que aporta a Deputación.

Manifesta o Sr. Alcalde que a ordenanza non ten afán recadatorio pero pasa moita xente polo museo e a pesar de ter un convenio nominativo coa Deputación, non podemos estar sen cobrar porque o custo de mantemento é alto e ademais non sempre a Deputación nos vai a manter o convenio de financiamento.

Pregunta o Sr. Raposo se vaise cobrar igual aos veciños que a xente de fora, respostando a Sra. Sánchez que iso debe establecerse así por lei.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

6. CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO. DURACIÓN DA MESMA.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“Visto que en sesión plenaria de data 3 de agosto de 2012 acordouse como forma de xestión do servizo de abastecemento de auga e saneamento a xestión indirecta, e dentro desta, a concesión, nos termos recollidos nas disposicións aplicables da Lei 7/1985, de 2 de abril, e no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, mantendo o concello a titularidade do servizo.

Considerando axeitado proceder á contratación da xestión do servizo de abastecemento de auga e saneamento da auga neste concello por un período de tempo de sete anos prorrogables por outros sete anos.

Visto que o artigo 47.2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esixe o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción de acordos, entre outras, nas seguintes materias: “j) Concesión de bens ou servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 % dos recursos ordinarios do presuposto”.

Considerando que o custe anual da subvención que tería pagar o concello ó concesionario se estima en 35.149,66€ máis o IVE que corresponda; e tendo en conta que o 20% dos recursos por operacións correntes do orzamento correspondente ó exercicio 2013 ascenden á cantidade de 321.438,57€, resulta que a licitación do servizo por sete anos prorrogables por outros sete anos suporía un custe que excedería do 20% dos recursos ordinarios do presuposto.

De conformidade cos artigos 22.2.p) e 47.2.j), proponho ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Acordar a concesión do servizo de abastecemento de auga e saneamento por un período de tempo de sete anos prorrogables por outros sete anos, sendo o órgano de contratación a Xunta de Goberno Local, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Real Decreto



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e o acordo de delegacións de competencias deste Pleno na Xunta de Goberno Local de data 24 de xuño de 2011.

MESÍA, a 1 de outubro de 2013. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que en sesión plenaria de data 3 de agosto de 2012 acordouse como forma de xestión do servizo de abastecemento de auga e saneamento a xestión indirecta, e dentro desta, a concesión, procedéndose á contratación do servizo por un ano para poñelo a andar. Agora preténdese sacar por un período de sete anos máis a posibilidade de prorrogalos por outros sete, xa que este tipo de concesións fanse por períodos longos de tempo, de ata vinte ou vinte e cinco anos. En todo caso, o servizo resulta gravoso para o concello, aínda está crescendo, hai parroquias sen rede e poden variar as circunstancias nos próximos anos.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

7. APROBACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

"Mediante resolución da Presidencia da Deputación número 5957, de 29 de marzo de 2013, seleccionouse a este Concello para incluílo na IV fase do proxecto de Inventarios municipais que desenvolve a Deputación, a través do Servizo de Asistencia Económica a Municipios e a empresa Incosa-Summa U.T.E. Deputación Coruña, que resultou adxudicataria da asistencia técnica.

O día 26 de setembro de 2013 entregouse neste Concello o Inventario municipal.

De conformidade cos artigos 17, 32 e 34 do Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Inventario Municipal de Bens do Concello de Mesía.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días mediante publicación de anuncio no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincial, contados a partir do día seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as alegacións ou reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Se os interesados presentasen alegacións ou reclamacións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen alegacións ou reclamacións, o acordo elevarase automaticamente a definitivo.

CUARTO: Unha vez aprobado definitivamente o Inventario, remitirase una copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

MESÍA, a 1 de outubro de 2013. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.

Manifesta o Sr. Alcalde que, tal como se di na proposta, a Deputación paga a unha empresa para que faga o Inventario de bens do concello, que inclúe todo tipo de bens municipais cos seus documentos xustificativos. A pesar de todo, consideramos que ten dúas carencias, falta o inventario de camiños, xa que estes aparecen cunha anchura de dous metros, que non é a que teñen no noso concello, pero nos dixeron que iso é debido a que si a empresa tivera que facer un traballo de campo medindo a anchura de todos os camiños, iso sería máis custoso que facer todos os inventarios da provincia. E por outra banda, aparecen inventariados uns setecentos puntos de luz cando temos uns mil oitocentos en total. Parece que isto se debe a que toman como referencia unha encuesta de infraestruturas da Deputación de fai moitos anos. Así mesmo, óptase por un trámite de información pública por si hai xente que puidera ten algunha discrepancia cos datos obrantes no mesmo.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

8. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pasase ao punto seguinte da orde do día.

9. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (256/2013 a 316/2013).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día

10. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 18 DE XULLO, 2 DE AGOSTO, 21 DE AGOSTO, 29 DE AGOSTO, E 12 DE SETEMBRO DE 2013.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e corenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,